

INFORME DE XESTION 2007

INTRODUCCIÓN

O ano 2007 marca un punto de inflexión na historia do Eixo Atlántico, por varias razóns, unhas de carácter estratéxico e outras de carácter estrutural.

A nova estratexia cimentouse basicamente sobre dous pilares:

- **Pola parte estrutural**, unha ampliación longamente dilatada no tempo, que recoñecía - mediante a súa integración- a existencia dun emerxente segundo cinturón do Sistema Urbano. Ampliación ,por outra parte, que non só evidenciaba a boa saúde e o prestixio do Eixo Atlántico senón que reforzaba a súa presenza institucional e a súa autonomía financeira respecto de calquera goberno, elemento decisivo para poder manter posicións políticas independentes e críticas.
- **Pola parte estratéxica** reforzouse a vertente de organización de servizos, vocacionada cara o desenvolvemento e a innovación do sistema urbano, mediante a coordinación coas directrices da Comisión Europea que comezan a súa andaina precisamente no 2008, coa aprobación dos Marcos de Referencia Estratéxica Nacionais e as Iniciativas Comunitarias.
- E finalmente o círculo pechase coa consolidación do Eixo Atlántico nos escenarios europeos de toma de decisión, mediante a creación da EUROMOT, da cal ademais de fundadores,

Accións de carácter estrutural (sociedade do coñecemento)

ostentamos a vicepresidencia do Bureau Político e do Bureau Executivo.

Ao longo deste ano finalizou o proceso de adecuación das estruturas administrativas e organizativas do EA as novas prioridades estratéxicas da Unión Europea. As múltiples comisións existentes transformáronse en 4 comisións de carácter estrutural (Desenvolvemento sostible, Desenvolvemento social, Planeamento e transportes e Modernización da Administración) e 4 de carácter finalista (Deportes, Cultura, Turismo e Comisión Eixo Atlantico – coordinación interna e proxectos europeos-)

Estas comisións identificaron as grandes liñas programáticas da Asociación, reflexadas no programa de actuación que se somete a consideración desta asemblea, coordinadas coas orientacións comunitarias, e que procuran un desenvolvemento sostible converxente coas políticas europeas.

Neste contexto creouse o Servicio de Estudos, peza angular da nova estratexia. Cun formato externalizado, tanto na súa dirección como nos seus integrantes, o Servicio de Estudos diríxeno expertos das universidades, designados pola Comisión Executiva a proposta da Secretaría Xeral, que elaboran unha programación plurianual independente, a partir do seu análise, e das propostas das respectivas comisións.

Esta programación é dictaminada pola Comisión de Planeamento e Transportes, e no caso de ser positivo, o dictamen é elevado á Comisión Executiva para a súa aprobación e posterior execución. A Secretaría Xeral encargase de viabilizar esta execución mediante a viabilidade financeira, vía Fondos Europeos, Fondos propios ou convenios con outras Institucións tanto públicas como Privadas. Os estudos son encargados a expertos das universidades, con recoñecida experiencia na materia, e dende criterios de diversificación e pluralidade.

Para complementar este servicio creouse o servicio de publicacións, cuxa primeira actuación foi dotar á revista Eixo Atlántico dun Consello científico e de redacción, con persoas das universidades e dos concellos asociados, que reforzara a súa calidade e prestixio científico, e identifique os temas de interese para súa publicación. Unha vez reforzado, procedeuse a asinar un convenio cunha editorial para a súa externalización. Con isto conseguíuse unha maior distribución e un menor custo de edición.

Na actualidade as publicacións do Eixo Atlántico estrutúranse en seis coleccións:

1. Revista : Dous exemplares anuais
2. Textos para o debate : un exemplar ó ano
3. Biblioteca dos estudos estratéxicos: un/dous exemplares ó ano
4. Guías de recursos : un exemplar anual/bienal segundo complexidade da Guía
5. Guías turísticas: dous exemplares ó ano
6. Fóra de colección: edición segundo oportunidade.

Por último, en colaboración coa Fundación Caixanova, a Universidade de Vigo, a Confederación de Empresarios de Pontevedra, o Club Financeiro de Vigo, e outros entes de carácter socioeconómico, creouse o primeiro Centro de Documentación Transfronterizo, que pretende converterse nun Centro de Documentación Europeo de referencia. Asemade, financiada integramente por Caixanova, neste contexto creouse a Cátedra de Estudos Eurorrexionais e estáse a planificar un Máster en Cooperación Transfronteiriza e Desenvolvemento Local.

Por último, dende o Eixo Atlántico favoreceuse a entrada das nosas universidades en redes europeas, no contexto das actuacións e candidaturas impulsadas polo Eixo Atlántico. Os casos máis recentes foi a entrada de expertos das nosas universidades no programa INTERFORM, auspiciada pola EUROMOT, ou a entrada das Universidades de Porto, UTADE, Vigo e Santiago no proxecto ICARO, presentado á candidatura medioambiental LIFE xunto con universidades alemáns e catalanas.

En resumo, neste ano concretizouse con éxito unha aposta global e estruturada pola Sociedade do Coñecemento, neste caso non só como finalidade, senón como instrumento para o Desenvolvemento Local Eurorrexional.

Tamén no 2007 , e aínda que con máis complexidade da prevista pola forte demanda de adhesións, culminouse con éxito a maior ampliación do Eixo Atlántico nos seus 15 anos de historia. Das 18 cidades membro no inicio do ano, pasouse a 34 , coas que hoxe rematarán o seu proceso de adhesión. A ampliación foi realizada sin tensións, incorporando ás cidades ó proceso de identificación de obxectivos para a programación 2008, e deseñando un programa específico de equiparación que permita ós novos membros estar perfectamente equiparados nos principais programas de carácter estratéxico e de visibilidade (guías turísticas, estudos de situación, diagnósticos, Axenda 21...) no prazo de dous anos.

Esta fortaleza interna, (que se enmarca nun novo escenario de cooperación de segunda xeración, tal e como se acordou no Congreso dos II Estudos Estratéxicos do Eixo Atlántico (Ourense)) complementouse coa creación da EUROMOT no pasado mes de novembro, en Lille. Euromot constitúe a primeira rede europea de entidades transfronteiras de proximidade, integrada por entidades de 12 países nun primeiro momento. Euromot está vocacionada como entidade interlocutora da Comisión Europea, para incorporarse ó debate sobre os Fondos Comunitarios – e especialmente os Fondos para a Cooperación Transfronteiriza - para além do 2012, ínter crítico para o noso territorio. O Eixo Atlántico xoga un papel relevante na Euromot, ó ter asumido a vicepresidencia do Comité Político e do Comité Executivo.

Neste contexto aínda, a adhesión de Verín, promovida por Chaves, permitiunos impulsar unha das fórmulas máis innovadoras e probablemente con máis futuro, no ámbito da cooperación de segunda xeración : as EUROCIDADES. Nestes 6 meses a Eurocidade Chaves-Verín ten visibilidade no escenario europeo a través da EUROMOT, creouse un grupo de traballo integrado por representantes de todas as administracións implicadas, abríronse dous gabinetes técnicos, conta cun plano de visibilidade, empezouse a elaborar un Plano Estratéxico da Eurocidade e foi oficialmente presentada nun acto presidido polo Secretario de Estado de Desenvolvemento Regional de Portugal e máis polo Conselleiro de Economía da Xunta de Galicia, que comprometeron o apoio institucional de ámbolos dous gobernos.

1.- CANDIDATURAS PRESENTADAS OU EN VÍAS DE PRESENTACIÓN:

Proxecto	Convocatoria	Importe Eixo	Plazo de execucion
ICARO	LIFE	296.711	3 AÑOS
AGENDA LOCAL DIGITAL	INTERREG IV C	423.800	3 AÑOS
EUROMOT	INTERREG IV C	720.670	3 AÑOS
Prevenção do cambio climático	INTERREG IV B Espacio Atlant.	100.000	2 AÑOS
Estrategia del Espacio Atlántico	INTERREG IV B Espacio Atlant.	350.000	2 AÑOS
IMAGINA (Cluster culturais)	INTERREG IV B Espacio Atlant.	250.000	2 AÑOS
Axenda estratéxica	INTERREG IV A	5 MEUROS	5 AÑOS
Desenvolvemento socioeconómico e sociedade do coñecemento	INTERREG IV A	200.000	2 AÑOS

3.- PUBLICACIONES

COLECCIÓN	TITULOS
<i>REVISTA EIXO ATLANTICO</i>	<i>O Novo Período de Programación Comunitaria 2007-2013</i>
	<i>A Nova Ordenación do Territorio en Galicia e Portugal</i>
<i>TEXTOS PARA O DEBATE</i>	<i>SIUTEA</i>
<i>BIBLIOTECA DOS EST. ESTRATEXIC.</i>	<i>Sete ideas para sete anos (Axenda Estratéxica)</i>
	<i>SISTEMA AEROPORTUARIO do E.A.</i>
	<i>SISTEMA FERROVIARIO DA EURORREXIÓN</i>
<i>FORA DE COLECCIÓN</i>	<i>Atlas básico do Eixo Atlántico</i>
<i>GUIA TURISTICA</i>	<i>Rutas polas cidades do Eixo Atlántico</i>

Esta estratexia xeral ate aquí exposta, mediante o ensamblaxe do ámbito estrutural e do ámbito estratéxico, converxe nun vértice central : O impulso da Axenda Extratéxica aprobada na Asamblea Xeral de Vila Nova de Gaia, en Xaneiro de 2007, e a definición dos obxectivos e tácticas para a súa verificación, en converxencia coas orientacións da Comisión Europea para o período 2007-2012

	<i>A Gastronomía do Eixo Atlántico</i>
MANUAIS	<i>Planificación Estratéica das cidades</i>
	<i>Guía de Recursos Xuvenís</i>

4.- VISIBILIDADE

	acto	lugar	promotor
Presencia exterior como conferenciantes	Open Days	Bruxelas	Comision Europea
	Semana de Europa	Chester (UK)	Chester County Council
	Universidad de Verano	Olivenza	Universidad Extremadura
Conferencias e seminarios	Congreso Europeo	Lille	Mission Operationel Transfrontalier de France
	Sesions informativas coa Comision Europea	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Enerxia ➤ Cultura ➤ Medio ambiente 	Eixo Atlántico
	Seminario de outono	Vigo	Eixo Atlántico
	Seminario de Fondos Europeos	Santiago de Compostela	Eixo Atlántico

5.- GRAO DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA 2007

ACTUACIONES PREVISTAS NO PROGRAMA 2007	VERIFICADAS
Deportes	
➤ Organización dos Xogos do Eixo Atlántico 2007	SI
➤ Lanzamento do Trofeo Eixo Atlántico de Coches antigos	SI
➤ Organización de XI edición da Regata do Eixo Atlántico	NON
➤ Organización do Torneo Eixo Atlántico de Balonmán	NON
Educación	
➤ Continuidade do programa de intercambios	NON
➤ Lanzamento Da Mostra para intérpretes mozos	SI
Xuventude	
➤ Edición da primeira guía de recursos xuvenís	SI
➤ Creación do Foro da Xuventude do Eixo Atlántico, asociados co IPJ, a Xunta de Galicia e o Consello da Xuventude de Galicia.	EN CURSO
Turismo	
➤ Edición dunha colección de Guías turísticas	SI
➤ Continuar a edición de material promocional dos 18 concellos	EN CURSO
Cultura	
➤ Coproducción dunha obra musical sobre a historia da Eurorrexión, co grupo Milladoiro e artistas portugueses de renome	EN CURSO
➤ Continuidade da Bienal de Pintura	SI
Innovación e modernización da administración	
➤ Implantación dos SIG nos concellos para a futura creación dun Sistema de Información Urbana Transfronteiriza do Eixo Atlántico (Siutea)	EN CURSO
➤ Traballos preparatorios para a adecuación ás orientacións de Comisión Europea en materia de Modernización da Administración.	SI
Desenvolvemento sostible	
➤ Continuidade no proceso da Axenda 21 coa implementación dunha estratexia propia de desenvolvemento sostible	EN CURSO

<ul style="list-style-type: none"> ➤ <i>Creación dunha axencia de ecoloxía urbana, en cooperación con outras institucións do territorio</i> 	<i>EN CURSO</i>
<i>Axenda estratéxica</i>	
<ul style="list-style-type: none"> ➤ <i>Edición dun Atlas urbano</i> 	<i>SI</i>
<ul style="list-style-type: none"> ➤ <i>Promoción da estratexia de Intermodalidade</i> 	<i>EN CURSO</i>
<i>Visibilidade e comunicación</i>	
<ul style="list-style-type: none"> ➤ <i>Continuidade da liña editorial</i> 	<i>SI</i>
<ul style="list-style-type: none"> ➤ <i>Promoción do Portal da Eurorrexión</i> 	<i>SI</i>